

En cumprimento do disposto no artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administracións xeral e do sector público autonómico de Galicia, esta Secretaría Xeral Técnica emítese o seguinte,

INFORME SOBRE O PROXECTO DE ORDE POLO QUE SE MODIFICA O MÓDULO DE FINANCIAMENTO DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR A PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA.

1. Competencia e obxecto

a) De conformidade co disposto no artigo 148.1.20ª da Constitución española e 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, esta comunidade autónoma asume a competencia exclusiva en materia de asistencia social.

No uso da dita competencia exclusiva, o Parlamento de Galicia aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que define e regula o sistema galego de servizos sociais como servizo público, destinado a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación, mediante intervencións que permitan o logro dos obxectivos estratéxicos do sistema. No seu artigo 3, concreta eses obxectivos, que perfilan o ámbito propio dos servizos sociais: facilitar recursos e itinerarios de inclusión social, garantir a autonomía persoal das persoas dependentes, brindar protección e oportunidades sociais e educativas aos menores, facilitar a conciliación da vida laboral e familiar e previr a aparición de situacións de exclusión, dependencia, desigualdade ou desprotección dos máis vulnerables.

Así mesmo, no ámbito estatal a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, configura no seu título I, o sistema para a autonomía e atención á dependencia como “unha rede de utilización pública que integra, de forma coordinada, centros e servizos, públicos e privados”, regula as prestacións do sistema e prevé un catálogo de servizos que, de acordo co seu artigo 3, deben integrarse nos sistemas de servizos sociais das comunidades autónomas, no ámbito das competencias que teñen asumidas.

Na Comunidade autónoma de Galicia, a través do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, modificado en virtude da disposición derradeira primeira do Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo, e posteriormente modificado polo Decreto 148/2014, do 6 de novembro, entre outros aspectos, régulase un novo marco para o financiamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal de maneira que se melloran aspectos clave para as facendas locais, como son a continuidade e estabilidade, así como a economía procesual e consecuente celeridade na xestión dos pagamentos. Prodúcese un cambio desde un procedemento baseado na convocatoria anual de subvencións a outro de transferencias de ciclo anual garantindo, en todo caso, unha transición que non prexudique a calidade e a continuidade duns servizos fundamentais prestados á cidadanía polas corporacións locais. Esas transferencias, no caso do servizo de axuda no fogar (SAF) para persoas en situación de dependencia valorada e co dereito recoñecido de atención, realizáranse de maneira regular en función das horas de atención efectivamente prestadas, para o cal se empregará un sistema de información compartido entre a Xunta de Galicia e as corporacións locais titulares dos servizos.





Concretamente, o artigo 58 do decreto regula o financiamento, pagamento e xustificación dos servizos de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia valorada con dereito de atención recoñecido, establecéndose no seu Anexo III, apartado A) o módulo de financiamento a aplicar fixado en 9,7€ por hora efectiva de atención xustificada a persoas con programa individual de atención de servizo de axuda no fogar.

b) A través da disposición adicional primeira do dito Decreto 99/2012, do 16 de marzo, no seu punto primeiro, autorízase á persoa titular da consellería competente no sistema galego de servizos sociais para modificar, mediante orde, a estrutura e contías dos módulos de financiamento recollidos no anexo III e no artigo 47, coa finalidade de adaptalos ao desenvolvemento da efectividade do dereito ás prestacións de dependencia conforme ao previsto na disposición primeira da Lei 39/2006, do 14 de decembro, e ao que a normativa reguladora das titulacións universitarias e títulos e cualificacións profesionais, así como ás variacións do Índice de Prezos do Consumo galego.

De conformidade co exposto, o referido Decreto habilita á persoa titular da consellería competente para proceder á modificación regulamentaria referida ao módulo de financiamento recollido no dito Anexo III, e especificamente o apartado A), correspondéndolle a súa aprobación.

En cumprimento do dito mandato, transcorridos catro anos dende a aplicación do referido módulo de financiamento, procedeuse a abordar á primeira modificación do módulo para adaptalo á realidade concreta de cada concello/mancomunidade, evitar a regularización dos excesos de remanentes declarados a través da xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais, concretar a participación das persoas usuarias no custo dos servizos e conseguir unha maior eficiencia na prestación do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia para posibilitar o incremento da atención.

Así, tras a súa aprobación, no *Diario Oficial de Galicia* número 109, do 9 de xuño de 2016, publícase a Orde do 31 de maio de 2016, pola que se modifica o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia. A achega da Xunta será igual á diferenza entre o custo do servizo, declarado polo concello na xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais no ano inmediatamente anterior ao exercicio corrente, menos o importe da participación da persoa usuaria no custo do servizo, por hora efectiva de atención xustificada a persoas con PIA de servizo de axuda no fogar. En todo caso a dita achega por parte da Xunta de Galicia será dun máximo de 9,7€ por hora efectiva de atención xustificada a persoas con PIA de servizo de axuda no fogar.

Na dita orde recollese, na súa parte final, unhas consideracións sobre o custo do servizo, o importe da participación da persoa usuaria no dito custo e a referencia ás transferencias finalistas para o dito financiamento que recolle o decreto. Así mesmo, establece un réxime transitorio que determine o mantemento do volume de financiamento aos concellos.

c) Durante o tempo transcorrido dende a publicación do Decreto 99/2012, do 16 de marzo e da Orde do 31 de maio de 2016, o custo que afrontan os servizos sociais comunitarios para a prestación do servizo de axuda no fogar, tanto no prezo por hora de servizo como no volume de persoas que o están a recibir, foise incrementando paulatinamente. Este aumento sostido dos custos requiriu dunha nova modificación aos efectos de garantir a estabilidade do financiamento do sistema galego de servizos sociais, no que atinxe aos orzamentos das entidades locais. Para asegurar que o servizo de axuda no fogar fora ofrecido en condicións óptimas, coa homoxeneidade desexable e chegase a todas ás potenciais persoas usuarias en toda Galicia, foi necesario revisar novamente o financiamento do servizo coa actualización na súa participación da Xunta de Galicia.

Así, tras a súa aprobación, no *Diario Oficial de Galicia* número 242, do 20 de decembro de 2021, publícase a Orde do 14 de decembro de 2021, pola que se modifica o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia.



A achega establecida da Xunta de Galicia por cada hora efectiva de atención xustificada a persoas con programa individual de atención de servizo de axuda no fogar sería dun máximo de:

– 11,00 euros/hora durante as anualidades 2021 e 2022.

– 11,50 euros/hora durante a anualidade 2023.

– 12,00 euros/hora na anualidade 2024 e seguintes.

Na dita orde recollese, na súa parte final, un réxime transitorio que determina a aplicación do módulo de financiamento na anualidade 2021.

d) Durante o tempo transcorrido desde a publicación da referida Orde de 14 de decembro de 2021, o custo que afrontan os servizos sociais comunitarios para a prestación do servizo de axuda no fogar, tanto no prezo por hora de servizo como no volume de persoas que o están a recibir, foise incrementando paulatinamente. As circunstancias económicas e sociais derivadas da crise na que nos atopamos requiren dunha nova modificación que garanta a estabilidade do financiamento do Sistema galego de servizos sociais, no que atinxe aos orzamentos das entidades locais. Novamente, para asegurar que o servizo de axuda no fogar sexa ofrecido en condicións óptimas coa homoxeneidade desexable e chegue a todas as potenciais persoas usuarias en toda Galicia, a través desta orde, é preciso revisar o financiamento do servizo e actualizar a participación da Xunta de Galicia no dito financiamento.

Así, a achega da Xunta será igual á diferenza entre o custo do servizo, declarado pola corporación local na xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais máis recente dispoñible, menos o importe da participación da persoa usuaria no custo do servizo, por hora efectiva de atención xustificada a persoas con programa individual de atención de servizo de axuda no fogar. En todo caso, a achega por parte da Xunta de Galicia por cada hora efectiva de atención xustificada a persoas con programa individual de atención de servizo de axuda no fogar será dun máximo de 12 euros/hora durante a anualidade 2023 e seguintes.

No proxecto da orde recollese, na súa parte final, un réxime transitorio que determina a aplicación do módulo de financiamento na anualidade 2023.

O contido da modificación incide no módulo para a anualidade 2023 que pasa dos 11,50 euros/hora a 12,00 euros/hora, manténdose o xa establecido na Orde do 24 de decembro de 2021 para as seguintes anualidades.

e) De conformidade coas directrices de técnica normativa aprobadas polo Consello da Xunta de Galicia o 30 de outubro de 2014 e publicadas por Resolución do 5 de novembro de 2014 da Dirección Xeral da Asesoría Xurídica Xeral, no referente aos anexos e a súa modificación (directriz 50), cando se considere necesario e a natureza do anexo o permita, as cláusulas de habilitación para o desenvolvemento regulamentario poderán autorizar a modificación do contido dos anexos.

2. Estrutura do proxecto normativo.

Tras o título e a parte expositiva, o proxecto de orde que se presenta estruturase nun único artigo que recolle a nova modificación do Anexo III apartado A)

Na parte final componse dunha disposición transitoria e dúas disposicións derradeiras co mandato de desenvolvemento e a entrada en vigor.

3. Tramitación da disposición administrativa da carácter xeral.



O Proxecto de orde someteuse ao disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 16/2010, do 17 de decembro, cos seguintes trámites:

Na fase inicial tras o acordo do inicio da tramitación e a xustificación da omisión do trámite da consulta pública previa polo contido puntual da modificación, o entón anteproxecto normativo acompañado dunha memoria xustificativa e económica, previo informe do servizo de apoio técnico-xurídico, foi aprobado inicialmente pola persoa titular da Consellería de Política Social e Xuventude e sometido á audiencia a través do portal de transparencia.

Na fase intermedia da tramitación, someteuse á audiencia das entidades máis representativas, neste caso a través da Federación Galega de Municipios e Provinciais que se pronuncia de xeito favorable.

Dado o seu rango, o proxecto da orde non requiriu do seu traslado e da análise do seu impacto demográfico ao órgano de dirección con competencias en materia de dinamización demográfica.

Nesta fase, ao abeiro do disposto no artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, o proxecto foi remitido para o informe dos seguintes órganos:

- . Informe da Secretaria Xeral da Igualdade emitido de xeito favorable.
- . Ditame da Comisión Galega de Cooperación Local. No seu defecto remitiuse á Federación Galega de Municipios e Provinciais que informou favorablemente o proxecto.
- . Ditame do Consello Galego de Benestar Social. O proxecto foi sometido ao ditame do dito órgano consultivo que, na súa reunión do 24 de febreiro de 2023 ou emitiu de xeito desfavorable ao non conseguir a maioría dos votos dos seus membros.

Ao respecto, e dado que o ditame é preceptivo mais non vinculante, a Dirección Xeral de Maiores e Atención sociosanitaria, órgano directivo da Consellería de Política Social e Xuventude e propoñente da disposición, tras o estudo do pronunciamento do órgano consultivo, mantén nos seus termos a proposta normativa dada a necesidade do axuste orzamentario que avala o actual incremento da achega da administración autonómica, sen prexuízo do estudo das consideracións sobre as modificacións e actualizacións do módulo retributivo para o financiamento do servizo.

- . Informe da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos que, tras a revisión da memoria económica, o emite de xeito favorable o 16 de maio de 2023 en canto á modificación do módulo para a anualidade 2023 manténdose o módulo xa establecido para a seguinte anualidade.

Na fase final o expediente someteuse ao preceptivo informe da Asesoría Xurídica que o emite de xeito favorable con data 2 de xuño de 2023.

4. Legalidade, acerto e oportunidade

De acordo co indicado, considerase que o proxecto da orde axustase á dereito e reúne as condicións esenciais para a súa aplicación e efectividade.

Así o exposto, de conformidade co artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, informase favorablemente o proxecto de Orde pola que se modifica o módulo de financiamento do servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia

No lugar e data da sinatura dixital

A secretaria xeral técnica

María Francisca Gómez Santos

